



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL

Anuncio

Juan Antonio Fernández Pérez, con DNI *****192N, en representación da empresa "Técnicos en Sanidad y Gestión Cinegética" de Galicia SL (Tecsages), con CIF B32259046, solicita a declaración da explotación cinexética comercial (ECC) "Vilaxuste", sobre unha superficie de 424,91 hectáreas pertencentes ao monte veciñal en man común de Vilaxuste, no termo municipal de Portomarín.

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DE DOUS MESES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 17 de setembro de 2020.- A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Margarita López Blanco.

R. 2283

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o artigo 177 do mesmo texto, e no artigo 20.1 en relación co 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, ponse en coñecemento que na Secretaría-Intervención deste Concello atópase exposto ó público o expediente número 886/2020 de modificación de créditos 9/2020; suplemento de créditos/crédito extraordinario, modificación que se financia con cargo ao remanente líquido de tesourería e para a aplicación do superávit con modificación do anexo de inversións.

En aplicación do Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, e por terse acordado o inicio e continuación deste procedemento administrativo pola súa vinculación co funcionamento básico dos servizos, expoñense ao público.

Os interesados lexítimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 28 de setembro de 2020.-O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2284

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2019, expónse ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de

Contas o día 25 de setembro de 2020. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Folgozo do Courel, 28 de setembro de 2020.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2285

FOZ

Anuncio

ANUNCIO DE APROBACIÓN INICIAL DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE FOZ

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de setembro do 2020, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Foz, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa pública de Servizos Agrarios, SA), ao abeiro do convenio ao que este concello está adherido, suscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O citado plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal do concello de Foz (<https://concellodefoz.sedelectronica.es>), computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados.

Durante o prazo devandito a documentación do Plan poderá ser examinada nas dependencias do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Foz, en días hábiles e durante o horario de atención ao público.

Foz, 28 de setembro de 2020.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2286

Anuncio

Aprobación inicial. Modificación de Créditos 29/2020 na súa modalidade de transferencia de crédito de partidas de distinta área.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 24/09/2020, prestoulle aprobación inicial a modificación de crédito 29/2020, na súa modalidade de transferencia de crédito de distinta área para aportación obra "Reparación e mantemento de terraza 2ª planta cenima. Aportación municipal.

De acordo co establecido no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello. Así mesmo, estará a disposición dos interesados no Portal de Transparencia do Concello, e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria.

Foz, 28 de setembro de 2020.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2287

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA AGOSTO DE 2020 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 21.09.2020 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de agosto de 2020.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 28.09.2020 ata o 30.11.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 21 de setembro de 2020.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2288

PORTOMARÍN

Anuncio

Aprobada inicialmente por o Pleno da Corporación en data 25 de setembro de 2020 a seguinte ordenanza:

ORDENANZA REGULADORA DO VIVEIRO DE EMPRESAS NO CONCELLO DE PORTOMARIN

Sometese a información pública e audiencia dos interesados por prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente no BOP.

De conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que transcurrido o prazo de trinta días hábiles de información pública sin que exista reclamación algunha, quedará automaticamente elevado a definitivo o citado acordo.

Portomarín, 28 de setembro de 2020.- O alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 2289

SAMOS

Anuncio

INFORMACION PÚBLICA

Aprobada inicialmente a desafectación dun aula do centro escolar de Samos para destinala a casa niño, polo Acordo do Pleno Municipal da Entidade Local de data 02/10/2020, de conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios do Concello

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Samos, 02 de outubro de 2020.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 2290

SOBER

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de setembro de 2020 o expediente de modificación de créditos nº 517/2020 MC18/2020 TC4, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 450,00 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Sober, 28 de setembro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2291

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de setembro de 2020 o expediente de modificación de créditos nº 519/2020 MC19/2020 TC5, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 3.100,00 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Sober, 28 de setembro de 2020.-O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2292

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 24 de setembro de 2020 o expediente de modificación de créditos nº 520/2020 MC20/2020 TC6, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 18.137,90 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Sober, 28 de setembro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2293

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria de Pleno deste Concello, de data 25 de agosto de 2020, a modificación das Bases de Execución do orzamento de 2020, e publicado anuncio de exposición ao público no BOP de Lugo nº 203 de data 4 de setembro de 2020 e non habendo reclamacións de conformidade co acordo adoptado a modificación considerárase definitivamente aprobada,

Taboada 28 de setembro de 2020.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2294

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA

Aprobado definitivamente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

PARTIDAS MINORADAS

PROGRAMA	ECONOMICA	DESCRIPCION	IMPORTE
327	48000	A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO	890,00

932	22708	SERVICIOS DE RECAUDACION A FAVOR DE LA ENTIDAD	2.110,00
		<i>TOTAL</i>	<i>3.000,00</i>

PARTIDAS INCEMENTADAS

433	48000	A FAMILIAS E INSTITUCIONES SIN FINES DE LUCRO	3.000,00
		<i>TOTAL</i>	<i>3.000,00</i>

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Taboada, 28 de setembro de 2020.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 2295

MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA.

ADMINISTRACIÓN DE INFRAESTRUTURAS FERROVIARIAS

Anuncio

Anuncio do ADIF polo que se somete a información pública a efectos de declarar a necesidade de ocupación o "PROXECTO DE REPARACIÓN DA PONTE PENADOLA SOBRE O RÍO SIL, LIÑA PALENCIA- A CORUÑA, TRAMO MONTEFURADO- SAN CLODIO- QUIROGA, P.K. 239+994".

En cumprimento dos artigos 18 e 19.1 da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 e artigos concordantes do seu Regulamento (decreto do 26 de abril de 1957) ábrese un período de información pública de quince días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, sobre a relación de bens e dereitos afectados pola execución das obras definidas no proxecto de referencia, có obxecto de que calquera persoa poida aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros da relación que se publica neste anuncio ou opoñerse, por razón de fondo ou forma, á necesidade de ocupación.

Con tal motivo, a documentación de expropiacións do mencionado proxecto pode ser examinada, en días e horas hábiles de oficina na Subdelegación do Goberno en Ourense (Rúa Armanyá 10, 27001 Lugo), na Subdirección de Infraestrutura e Vía (R/ Agustín de Foxá, s/n, Edificio 22, 28036 Madrid), nos Concellos de Quiroga (Rúa Real 52, 27320 Quiroga, Lugo) e Ribas do Sil (Praza Maior 1, 27310 Ribas do Sil, Lugo), e en Información Pública do Portal de Transparencia da web de ADIF (www.adif.es).

As alegacións que se formulen irán dirixidas á Subdirección de Infraestrutura e Vía (R/ Agustín de Foxá s/n, Edificio 22, 28036 Madrid, indicando como referencia "Información pública ocupacións temporais reparación da Ponte Penadola sobre o Río Sil, liña Palencia- A Coruña, tramo Montefurado- San Clodio- Quiroga, P.K. 239+994".

RELACIÓN CONCRETA E INDIVIDUALIZADA DE BENS E DEREITOS AFECTADOS:

TÉRMINO MUNICIPAL DE QUIROGA

Nº DE FINCA	POLÍGONO/REF CATASTRAL	PARCELA	TITULAR ACTUAL NOMBRE DOMICILIO Y	EXPROPIACIÓN m ²	SERVIDUMBRE DE PASO (M2)	OCUPACIÓN TEMPORAL (M2)	TOTAL (M2)
Y-27.0500-0001	38	200	FERNANDEZ SOMOZA, SEVERINO PQ QUIROGA Ndup-7 27320 QUIROGA (LUGO)	0	0	72	72
Y-27.0500-0002	38	132	RODRIGUEZ PEREZ, JOSE LUIS (HROS) LG LOS NOVAIS 24 27329 QUIROGA (LUGO)	0	0	23	23

Y-27.0500-0003	38	1092	EN INVESTIGACION, ARTICULO 47 DE LA LEY 33/2003 RU TEATRO (DO) 4 27001 LUGO (LUGO)	0	0	549	549
Y-27.0500-0004	38	131	VILLAMARIN GONZALEZ, TERESA CL DONOSO CORTES 75 Pl:04 Pt:IZ 28015 MADRID (MADRID)	0	0	448	448
Y-27.0500-0005	38	135	ADIF GERENCIA DE AREA DE PATRIMONIO Y URBANISMO NOROESTE CL URIA S/N ESTACION OVIEDO PI:1 33003 OVIEDO (ASTURIAS)	0	0	246	246
Y-27.0500-0006	38	1091	ADIF GERENCIA DE AREA DE PATRIMONIO Y URBANISMO NOROESTE CL URIA S/N ESTACION OVIEDO PI:1 33003 OVIEDO (ASTURIAS)	0	0	939	939

TÉRMINO MUNICIPAL DE RIBAS DO SIL

Nº DE FINCA	POLÍGONO/REF CATASTRAL	PARCELA	TITULAR ACTUAL NOMBRE Y DOMICILIO	EXPROPIACIÓN m ²	SERVIDUMBRE DE PASO (M2)	OCUPACIÓN TEMPORAL (M2)	TOTAL (M2)
Y-27.0522-0001	9	138	IBERDROLA, S.A., PZ EUSKADI 5 48009 BILBAO (BIZKAIA)	0	0	788	788
Y-27.0522-0002	10	211	IBERDROLA, S.A., PZ EUSKADI 5 48009 BILBAO (BIZKAIA)	0	0	880	880

O Director Xeral de Conservación y Mantemento, D. Ángel Contreras Marín.

R. 2306